

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 12
2009

**MYRIOSTOMA COLIFORME (WITH.: PERS.) CORDA, ESPECIE AMEAZADA
EN EUROPA, PRESENTE NO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA**

por
J.B.BLANCO-DIOS*

BLANCO-DIOS, J.B. 2009. *Myriostoma coliforme* (With.: Pers.) Corda, especie ameazada en Europa, presente no Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. *Mykes* 12: 51-54.

RESUMO:

Apórtanse dúas citas de *Myriostoma coliforme* encontradas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e que son novidades para esta comunidade autónoma.

Palabras clave: *Gasteromycetes*, *Myriostoma coliforme*, Ons, Sálvora, Parque Nacional, Galicia, Península Ibérica.

BLANCO-DIOS, J.B. 2009. *Myriostoma coliforme* (With.: Pers.) Corda, species threatened in Europe, present in the National Maritime-Terrestrial Park of the Atlantic Islands of Galicia. *Mykes* 12: 51-54.

SUMMARY:

Myriostoma coliforme is described and illustrated from material collected from National Maritime-Terrestrial Park of the Atlantic Islands of Galicia. We believe that this record is the first time for Galicia (Northwest of the Iberian Peninsula).

Key words: *Gasteromycetes*, *Myriostoma coliforme*, Ons, Sálvora, National Park, Galicia, Iberian Peninsula.

INTRODUCCIÓN

Desde o ano 2006 véñense realizando traballos de catalogación da flora micolóxica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Gali-

*R/ Fernando II, N° 6, 1° Esq. E-36003-Pontevedra. e-mail:
jbbblancodios@gmail.com. Membro do Grupo Micológico Galego Luis Freire.

cia, especialmente dos arquipélagos de Cies, Ons y Sálvora, os menos prospectados, dados os escasos datos que existían previamente. As referencias bibliográficas de macromicetos encontrados dentro dos límites do Parque Nacional ata finais do ano 2008 reducíanse a 95 taxons, dos que 81 se encañdran na división *Basidiomycota* e 14 na división *Ascomycota*. Por arquipélagos, citáronse ata ese ano 60 taxons en Cies, 25 en Cortegada, 9 en Ons e 1 en Sálvora (RODRIGUEZ-VÁZQUEZ *et* LAGO-ÁLVAREZ, 2010), a falta de que se publique un estudo escomenzado en 2002 sobre a flora micolóxica da illa de Cortegada e que describe máis de 400 taxons (DE LA PEÑA *et* DE LA PEÑA, en prensa). Neste traballos de catalogación estamos encontrando numerosas especies interesantes pola súa rareza, entre a que se encontra a que describimos de seguido, *Myriostoma coliforme* (With.: Pers.) Corda, rara especie deste xénero monoespecífico encontrada nas illas de Ons e de Sálvora e que aínda non fora citada ata o momento en Galicia.

METODOLOXÍA

Para a descripción macroscópica, utilizáronse as notas recollidas dos exemplares frescos e as fotografías tomadas no momento da recolección. Como reactivos para levar a cabo o estudio microscópico empregáronse vermello congo en auga ao 1% e reactivo de Melzer. As *exsiccata* consérvanse no herbario LOU-Fungi, situado no Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra), dependente da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

DESCRICIÓN

Myriostoma coliforme (With.: Pers.) Corda *Anleit. Stud. Mykol.*: 131. 1842

Carpóforo xove de 4-7 cm de diámetro, máis ou menos esférico, abrancazado. Exoperidio que se abre en forma de estrela, con 7-9 brazos parduscos ou abrancazados, acadando o carpóforo entre 8 e 17 cm de diámetro. Endoperidio esférico, algo aplanado, de 2,5-6 cm de diámetro, primeiramente coa superficie lisa, branca prateada que despois é parda a causa do depósito das esporas, con 7-30 estomas e coa base suxeita ao exoperidio por 5-11 pequenas columnas, de 3-5 mm de longo. Gleba branca cando é nova, parda ao madurer. Capilicio formado por hifas aculeadas. Esporas de 4-5 µm, esféricas, subreticuladas, con acúleos de ata 3 µm de longo, pardas.

Material estudado

A CORUÑA: Santa Uxía de Ribeira, Aguiño, Illa de Sálvora, arredores da punta dos Bois, 29TMH9903, 5 m, en dunas secundarias ruderalizadas, 10-IX-2010,

J.B.Blanco-Dios, A.Castro et G.Bernárdez, LOU-Fungi 19488. PONTEVEDRA: Bueu, Illa de Ons, Curro, 29TNG0591, 10 m, baixo *Crataegus monogyna* e *Sambucus nigra* subsp. *nigra*, 28-X-2006, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 19487.

Observacións

Myriostoma coliforme é unha especie macroscopicamente moi característica debido aos numerosos estomas que presenta o endoperidio, sostido por unhas peculiares columniñas. Trátase dun taxon raro a nivel mundial e incluído nunha lista de 33 especies europeas de macromicetos que se considera están en perigo de extinción, lista recollida no Anexo I das propostas da Convención de Berna (DAHLBERG et CRONEBORG, 2003). Seguindo a estes autores, as citas deste artigo son as primeiras desta especie para España nun espazo natural protexido (Parque Nacional, Parque Natural, Reserva Integral). Entre estas 33 especies incluídas neste anexo I da Convención de Berna, ademais de *Myriostoma coliforme*, coñécese en Galicia a presenza doutras 9 especies: *Amanita torrendii* Justo (= *Torrendia pulchella* Bres.), *Cantharellus melanoxeros* Desm. ex Duby, *Entoloma bloxamii* (Berk. et Broome) Sacc., *Geoglossum atropurpureum* Batsch: Fr., *Hericium erinaceum* (Bull.: Fr.) Pers., *Hygrocybe calyptriformis* (Berk. et Broome) Fayod, *Phylloporus pelletieri* (Lév.) Qué., *Sarcosphaera coronaria* (Jacq.) Boud. e *Tricholoma colossus* (Fr.) Qué. Como mostra da súa rareza, mentar que, en Inglaterra, onde se descubriu por primeira vez, no se volveu a encontrar dende hai máis de cen anos (CALONGE, 1999). *Myriostoma coliforme* tamén está incluída no borrador da “Lista roja de los hongos a proteger en la Península Ibérica” (ANÓNIMO, 2008) e na proposta de Lista Vermella de Galicia (CASTRO, com. pers.).



Fig. 1. *Myriostoma coliforme*. Illa de Ons (LOU-Fungi 19487) (foto: J.B.Blanco-Dios)



Fig. 2. *Myriostoma coliforme*. Illa de Sálvora (LOU-Fungi 19488) (foto: A.Castro)

AGRADECEMENTOS

A Amancio Castro González (asociación de fotógrafos Homo Ludens de Pontevedra), polas fotos das mostras da Illa de Sálvora, á Dirección do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia) por facilitarnos a realización do estudo da flora micolóxica deste espazo protexido e ao Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia), por facilitarnos a xestión e conservación do herbario LOU-Fungi.

BIBLIOGRAFÍA

- ANÓNIMO 2008. *Lista roja de los hongos a proteger en la Península Ibérica*. Ed. Adesper. León.
- CALONGE, F.D. 1999. *Setas de Madrid y alrededores. 2. Gasteromycetes*. Ed. Sociedad Micológica de Madrid.
- DAHLBERG, A. et CRONEBORG, H. 2003. *33 threatened fungi in Europe. Complementary and revised information on candidates for listing in Appendix I of the Bern Convention*. European Council for Conservation of Fungi. T-PVS (2001) 34 rev 2.
- DE LA PEÑA, F. et DE LA PEÑA, S. (en prensa). *Guía micológica de la isla de Cortegada*. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et LAGO-ÁLVAREZ, M. 2010. Catálogo actualizado dos macromicetos presentes no Parque Nacional das Illas Atlánticas (I). Precedentes bibliográficos. *Mykes* 11: 83-98. [2008].